




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Muxía. Parroquias: San Xulián de Moraime. Extensión: 1,84km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada semicircular orientada ao noroeste que reproduce a disposición das elevacións graníticas situadas ao interior da chaira costeira. A praia de Area de Lourido prolóngase cara ao interior a través dunha chaira litoral limitado ao suroeste polo monte Cotrulleiros, continuándose en cambio cara ao sueste, polo encaixado val do arroio de Area.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída no granito hercínico de dúas micas, de gran fino a medio e con megacrístais. Só a esquina sueste presenta un granitoide migmático tamén hercínico. O Cuaternario holoceno está representado por sedimentos areais e de dunas da Enseada de Lourido. O Plistoceno pode aparecer nos depósitos antigos da fronte costeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais maiores de 14°C e a amplitude térmica rolda os 13°C. As precipitacións medias oscilan entre un mínimo de 1200mm e un máximo de 1400mm ao ano. Tan só o extremo suroccidental da unidade, alto do Facho, é lixeiramente máis húmido xa que se rexistran valores máximos de precipitación da orde dos 1600mm ao ano, o que define a variante Moi Húmida do ambiente climático.

OS SOLOS

Secuencia edáfica característica sobre materiais graníticos. Leptosols líticos nos altos de Petón Grande ao este e O Facho ao suroeste. A vertente está formada por regosais, solos novos de pouca profundidade pero máis evolucionados que os anteriores e nos sectores de escasa pendente e fondo de valga dominan os cambisols dístricos. O complexo sedimentario está composto de arenosos álbicos e háplicos.


AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade encóntrase orientada cara ao norte, xerarquizada polo arroio da Area, que desemboca na praia da Area de Lourido, nas Augas Costeiras da Punta de Xaviña (20140).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade que se encontran dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. O conxunto de dunas e os cantís costeiros están incluídos no ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. É costa sedimentaria, na que destacan os hábitats de dunas do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, área na que é posible que aparezan, ou poidan desenvolverse potencialmente, os hábitats de costa de dunas mediterránea 2230, céspedes de Malcolmietalia e 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. No continente, a elevación da Cachada-Currelos presenta hábitats do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica. Máis alá diso, pódense anotar un bosque de ribeira no Rego da Area (91E0) masas de frondosas de recolonización nos campos de cultivo de Lourido a partir de lindes polo abandono das actividades.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O elemento máis destacado desta unidade é o sistema praia-duna de Lourido que situado na súa no centro articula o conxunto conferíndolle o uso turístico e recreativo. Flanqueando este sistema pola súa banda oriental está o arroio da Area cunha interesante vexetación de ribeira, prados húmidos e situándose no seu nacemento as áreas máis extensas dedicadas a cultivo. Pola parte oeste alternanse terras agrícolas con manchas de frondosas autóctonas que chegan ata a cabeceira dos cantís, enriba destas sitúase o único núcleo rural existente na unidade: Lourido. Ademais do uso agropecuario a unidade presenta tamén un uso forestal. A zona máis elevada da unidade está composta por masas de árbores de repoboación que se estenden ata a zona máis oriental da unidade, mesturado con masas mixtas de vexetación.

MORFOLOXÍA

É unha paisaxe exclusivamente rural onde só existe o núcleo rural Lourido, situado na ladeira norte do Monte do Facho. Lourido está catalogado como núcleo de identidade Litoral pois é un asentamento tradicional cuxa localización estratéxica no bordo costeiro confírelle unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. Ten unha tipoloxía típica dos asentamentos rurais en Galicia composto por vivendas dunha soa altura con predios de cultivo asociados e algunha construción secundaria asociada (alpendres, hórreos). Presenta un modelo de asentamento compacto, desenvolvido arredor dunha zona central que pode ser un cruzamento de camiños ou unha praza.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía máis importante da unidade é a C-5201, atrévésaa de oeste a este pola ladeira do Monte Facho ata chegar ao arroio de Area onde toma dirección norte cara á fronte litoral. O seu trazado é sinuoso e está adaptado perfectamente ao terreo sen provocar ningunha discontinuidade visual, pero si unha fractura espacial da unidade. O resto das vías son bifurcacións da principal en dirección á costa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único patrimonio salientable é o depósito arqueolóxico de Castro de Lourido situado no centro da unidade enriba da praia que leva seu mesmo nome.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística caracterízase polo sistema praia-duna enmarcada por un fondo escénico que é o Monte do Facho. A unidade mantén altos niveis de naturalidade e tipoloxía rural, cunha estrutura agraria moi parcelada.

DINÁMICA DA PAISAXE

A estrutura, morfoloxía e caracterización da paisaxe non sufriu apenas transformacións. A maior parte do territorio conservou o seu carácter agrario, aínda que a superficie cultivada viuse reducida pasando esta a estar ocupada por masas forestais de repoboación e algunha mancha de bosque de frondosas autóctonas froito do abandono de prácticas tradicionais. Apréciase a perda de area sobre todo na zona de dunas debido ao tránsito de peóns polo cordón de dunas.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade caracterízase pola naturalidade e beleza da praia de Lourido, encallada na enseada de Barreiros, delimitada por Punta Arliña e Punta Lourido. Esta praia illada, con forma de semilúa ten 500 metros de lonxitude por 35 metros de largura. O elemento máis importante e singular da unidade é o sistema de dunas, que se estende cubrindo cantís de baixa altura. Este espazo presenta un excelente estado de conservación. A praia recibe poucos visitantes, e a súa alteración máis evidente son os distintos camiños que atravesan a duna, sendo o de maior impacto o que comunica as dúas entradas da praia. Este camiño non afecta gravemente á estrutura da comunidade vexetal, xa que discorre sobre solos xa bastante compactados, pero facilita a circulación de vehículos sobre o resto do sistema de dunas. O sistema de dunas e os cantís costeiros xunto aos seus hábitats teñen un gran valor ecolóxico recoñecidos internacionalmente xa que están incluídos no ZPVN e LIC Costa da Morte. As mellores e máis amplas visuais do territorio pódense obter desde o Monte Facho e desde os cantís, concretamente pola súa maior accesibilidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



